

1º) RATIFICACIÓN DE INCLUSIÓN DESTE PUNTO DENTRO DA ORDE DO DÍA. O Sr. **Presidente** explica aos asistentes que ao non vir ditaminado pola comisión correspondente este asunto tense que ratificar a inclusión dentro da orde do día.

Ao non se producir máis intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a votación a inclusión deste asunto dentro da orde do día que foi aprobada por unanimidade de todos os membros da corporación.-----

2º) PROPOSTA DE ACORDO PARA MOSTRAR A CONDOLENCIA DO CONCELLO DE SANXENXO POLO FALECEMENTO DE D. ARTURO FONTÁN BOUZAS AO INTENTAR RESCATAR A UNHA PERSOA NO TERMO MUNICIPAL DE LA OLIVA – FUERTEVENTURA (CANARIAS), ASÍ COMO O RECOÑECIMIENTO POR ESTA EXCEPCIONAL DEMOSTRACIÓN DE VALOR INDIVIDUAL. O Sr. **Secretario** da lectura a proposta da alcaldía, de data 02 de maio de 2019, que literalmente di:

“”PROPOSTA DE ACORDO PARA MOSTRAR A CONDOLENCIA DO CONCELLO DE SANXENXO POLO FALECEMENTO DE D. ARTURO FONTÁN BOUZAS AO INTENTAR RESCATAR A UNHA PERSOA NO TERMO MUNICIPAL DE LA OLIVA – FUERTEVENTURA (CANARIAS), ASÍ COMO O RECOÑECIMIENTO POR ESTA EXCEPCIONAL DEMOSTRACIÓN DE VALOR INDIVIDUAL.

Visto o informe emitido pola Xefatura da Policía Local de La Oliva, de data 23 de abril de 2019, que literalmente di:

“”ASUNTO: Informe actuación Policial.-

Diligencias 1117111. 183-2019.-

FRANCISCO GABRIEL GONZÁLEZ CARREÑO, Subinspector-Jefe de la Policía Local de La Oliva, provisto del carné profesional núm. 13.638, por medio del presente escrito, tiene el honor de emitir el siguiente:

INFORME.

Según consta en las diligencias policiales número 183-2019, sobre las 17:05 horas del día 15 de abril de 2019, se recibe aviso procedente de la sala del COCOES 1-1-2, comunicando una alerta por hallarse una joven en apuros en el mar, concretamente en la playa de Tebeto, Localidad de Tindaya, del Termino Municipal de La Oliva(Las Palmas) requiriéndose la presencia de los correspondientes servicios de Emergencias y Seguridad , así como que por su parte se envía a la zona el helicóptero de rescate GES.

Que una vez en el lugar, se comprueba que la joven natural de Colombia y residente en Puerto del Rosario (Las Palmas), que fue identificada como K. C.R , de 33 años de edad, había logrado salir del agua, donde había sido arrastrada por la corriente, con la ayuda de otros jóvenes que se hallaban en la zona , la cual no necesitó traslado sanitario.

No obstante, otra persona, un varón natural de Sanxenxo (Pontevedra), identificado como: D. Arturo Fontan Bouzas, de 38 años de edad, residente en Puerto del Rosario (Las Palmas), según información facilitada a esta Policía por testigos presenciales, llegó a la zona en el momento en el cual la joven anteriormente citada, se encontraba en apuros y pedía ayuda, por lo que éste se despoja de parte de su ropa, y baja velozmente desde lo alto de un acantilado hasta la zona de playa para ayudar en el rescate , con el infortunio de ser así mismo arrastrado por la fuerte corriente reinante en el lugar en ese día.

Inmediatamente, y por parte de los rescatadores del helicóptero del GES extraen del agua al citado D. Arturo Fontan Bouzas, con síntomas de extenuación tras luchar contra la corriente, trasladándolo de urgencia hasta el Hospital Insular de Fuerteventura donde a su llegada al parecer dicha persona entró en parada cardiorrespiratoria, y tras serle realizado por personal sanitario, maniobras de reanimación, dicha persona fallece, finalmente.

Esta Jefatura de la Policía Local, por la información recabada insitu, quiere reconocer el mérito y el valor que mostró el ciudadano DON ARTURO FONTAN BOUZAS, el cual sin importarle el poner en peligro su vida, la arriesgó con su loable intención de ayudar a rescatar a otra persona que demandaba auxilio.

Es lo que tengo el honor de informar a VI., para su conocimiento y fines que exime oportunos.””

Os feitos relatados no informe policial describen a desinteresada mostra de valor individual para intentar rescatar a unha persoa, pola parte deste cidadán nacido en Sanxenxo e que por motivos profesionais residía dende algún tempo en Canarias.

O mínimo que pode facer a Corporación do concello é mostrar solemnemente a condolencia pola falecemento mediante o correspondente acordo plenario, así como recoñecer esta actuación mediante o outorgamento a viúva dunha medalla do concello e propoñendo a incoación dun expediente que rematará poñendo o nome dunha rúa deste termo municipal que sirva para honrar a actuación de D. Arturo Fontán Bouzas.

Esta alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, **PROPÓN:**

PRIMEIRO: mostrar a **condolencia do Concello de Sanxenxo** polo **falecemento de D. ARTURO FONTÁN BOUZAS** ao intentar rescatar a unha persoa no termo municipal de **LA OLIVA – FUERTEVENTURA (CANARIAS)**.

SEGUNDO: entregar a viúva do Sr. Fontán Bouzas unha medalla do Concello de Sanxenxo en recoñecemento pola excepcional mostra de valor individual do falecido con ocasión dos feitos acontecidos no Concello de La Oliva o 15 de abril de 2019.

TERCEIRO: propoñer a incoación do correspondente expediente para que o nome dunha rúa do concello sexa en honra a D. Arturo Fontán Bouzas.

O alcalde Telmo Martín González (documento asinado dixitalmente na data que figura ao pé).””

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, destacou polo inusual o recoñecemento que se fai da actuación do Sr. Fontán Bouzas por parte da xefatura da Policía Local de La Oliva, dando lectura ao seguinte parágrafo:

“”Esta Jefatura de la Policía Local, por la información recabada insitu, quiere reconocer el mérito y el valor que mostró el ciudadano DON ARTURO FONTAN BOUZAS, el cual sin importarle el poner en peligro su vida, la arriesgó con su loable intención de ayudar a rescatar a otra persona que demandaba auxilio.””

A interviniente, logo de mostrar a súa condolencia a familia e amigos destacou os valores do Sr. Fontán Bouzas e o orgulloso que se está del en Sanxenxo.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita**, tamén deu o seu pésame e resaltou a actitude heroica e xenerosa do homenaxeado.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, deu a súa condolencia á familia e aludiu que coñecía ao Sr. Fontán Bouzas e mesmo traballou con el, quedando gardada na memoria este acto de heroicidade e que por suposto merece que se lle dea o seu nome a unha rúa de Sanxenxo, estando seguro que alí donde esté velará por nós, agradecendo á familia a súa presenza neste acto.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que era difícil poñerse no sitio da familia, sendo este acto o mínimo recoñecemento que se lle podía dar a súa actuación, que por si soa merecería este recoñecemento, sen o final trágico que tivo, por iso o 100% dos veciños de Sanxenxo están a favor de mostrar este recoñecemento, acompañando na súa dor á familia.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, manifestou que as persoas se lles definen polas tomas de decisións e o Sr. Fontán Bouzas no seu momento tomou unha decisión valiente que demostra o tipo de persoa que era.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, subscribiu as palabras ditas polos anteriores intervinientes e lembrou as relacións co homenaxeado e a súa familia, mostrando a súa condolencia e resaltando que este recoñecemento era o mínimo que podía aportarse dende o concello.

O **Sr. Presidente** deu lectura a un escrito que literalmete di:

“Este é o Pleno máis importante que celebramos nesta lexislatura. Convocámolo en recordo e recoñecemento a un HEROE, **Arturo Fontán Bouzas**,

Non hai palabra que defina mellor o que o noso veciño Arturo fixo: dar a súa vida para salvar a unha muller á que nin sequera coñecía.

Non hai acto máis solidario na vida.

Non era a primeira vez que Arturo rescataba a unha persoa no mar.

Estaba pescando, unha das súas maiores afeccións, cando veu que unha muller tiña dificultades, non dudou nin un segundo en tirarse a rescatala, poñendo en perigo a súa propia vida para salvar a rapaza.

A súa familia, especialmente a súa muller Ana, o seu fillo Arturito e o seu pai Arturo están a sufrir a peor desgracia que un pode sentir na vida.

Somos conscientes que nada pode consolarvos nestes momentos, pero confiamos que co tempo a traxedia que agora vos inunda, vaia deixando paso ao orgullo de ter un marido, un pai, un fillo que se comportou como un HEROE

Sanxenxo non vai esquecer a esta familia e faremos todo o que estea nas nosas mans para axudarlles a superar esta situación.

Toda a Corporación estamos de acordo en concederlle a **Medalla do Concello** a título póstumo e que unha das nosas calles leve o nome de **Arturo Fontán Bouzas**

En consecuencia, proximamente poñeremos en marcha os trámites necesarios para que sexa unha realidade canto antes.

Moitas gracias.””

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: mostrar a **condolencia do Concello de Sanxenxo** polo **falecemento de D. ARTURO FONTÁN BOUZAS** ao intentar rescatar a unha persoa no termo municipal de **LA OLIVA – FUERTEVENTURA (CANARIAS)**.

SEGUNDO: entregar a viúva do Sr. Fontán Bouzas unha medalla do Concello de Sanxenxo en recoñecemento pola excepcional mostra de valor individual do falecido con ocasión dos feitos acontecidos no Concello de La Oliva o 15 de abril de 2019.

TERCEIRO: propoñer a incoación do correspondente expediente para que o nome dunha rúa do concello sexa en honra a D. Arturo Fontán Bouzas.

A continuación e por parte do **Sr. Presidente** fáiselle entrega da medalla á viúva do Sr. Fontán Bouzas.-----

E, non habendo mais asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión , sendo as doce horas e vinte minutos, de todo o que, eu secretario dou **fe:**